

Recordatorio de Deberes Legais dirixida ao Concello de Vigo lembrándolle que na contestación á solicitude de información por parte da cidadanía, o concello debe actuar cos principios de eficacia, economía e celeridade, establecidos no artigo 103 da Constitución Española

Expediente: L.4.Q/7846/21

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2021

Sr. Alcalde:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención [REDACTED], con DNI: [REDACTED]

ANTECEDENTES

No seu escrito indícanos literalmente o seguinte:

" El 10/06/2021 presenté una solicitud de información urbanística ante la Xerencia de Urbanismo del Concello de Vigo interesándome por la información urbanística de una casa con finca que estaba interesado en comprar a su propietario, con el que estaba en negociaciones del precio, para lo cual yo necesitaba esta información

El 16/06/2021 recibo notificación del Concello de Vigo instándome a pagar la tasa necesaria, cosa que hago ese mismo día

El 02/08/2021, al no obtener respuesta del Concello ni ninguna noticia, urgiéndome el tema por tratarse de la negociación del precio de compra de la casa, presenté nuevo escrito ante el Concello solicitando información de en qué estado se encontraba mi expediente y rogando premura. A esto tampoco recibí nunca respuesta.

El Concello establece un plazo de 2 meses desde la presentación de la solicitud para dar una respuesta plazo que terminó el 10/08/2021.

Estamos a 26/08/2021 y sigo sin saber nada de ellos. Excuso presentar nuevos escritos porque no contestan y porque ya he perdido la compra de la casa, puesto que el propietario se la ha vendido a otra persona. Con lo cual reclamo al concello la devolución de la tasa pagada por un servicio que no fue prestado en el plazo fijado, ni nunca. Es lo mínimo que deberían hacer, además de mejorar su funcionamiento de cara a nuevas solicitudes".

O interesado aporta xustificación documental de todos os trámites.

Ante iso requirimos informe a ese Concello en datas: 07/09/2021 e 11/10/2021. Finalmente, recibimos o informe municipal en data 16/11/2021. O contido é o seguinte:

D[REDACTED] presenta escrito no rexistro web do Concello de Vigo na data 10/06/2021 (cod sol W562770-4789) no que solicita información urbanística da parcela situada en XXXXXX e referencia catastral XXXXXXXXX.

Na data 16/06/2021, notificase ó interesado a necesidade de abonar o pago da taxa correspondente; 15,40 euros, incorporando xustificante ó presente expediente.

A 16/06/2021 D[REDACTED] achega xustificante da tasa requirida. (cod sol. XXXXXXXX)

O expediente remítese a arquitecta técnica municipal para a emisión do correspondente informe. Consta na Xestión de Expedientes recibido a 05/07/2021.

A 02/08/2021, o interesado reitera a súa solicitude de información. (XXXXXXX)

Á vista dos antecedentes enriba expostos, e da solicitude de informe recibido a 08/09/2021 e reiterado o 13/10/2021 infórmolle que na tramitación da citada consulta urbanística atendeuse ó sinalado nos artigos 13 e seguintes da Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa publicada no BOP nº 235 de 9 de decembro de 2014, xunto co artigo 71.2 da lei 39/2015 de 1 de outubro: "En el despacho de los expedientes se guardará el orden riguroso de incoación en asuntos de homogénea naturaleza (...)", advertindo das consecuencias de responsabilidade disciplinaria que puidera ocasionar o seu incumprimento.

Así mesmo, atendendo o requirido por D[REDACTED], procedeuse na data de hoxe á devolución íntegra das taxas por él abonadas.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRO. O interesado solicitou información urbanística dunha parcela municipal por medio do Rexistro Web do concello o día 10/06/2021. Aportou a referencia catastral e varios datos da mesma especificando as dudas das que precisaba aclaración. Na súa solicitude o interesado indicaba claramente a súa intención de mercar a parcela e, xa que logo, pedía a información para as negociacións de compra-venda: *"Me urge porque lo*

necesito para las negociaciones con el propietario, por eso les agradecería mucho toda la prisa que se pudieran dar”

SEGUNDO: O día 16/06/2021 (sei días despois) o interesado recibe a notificación do concello instándolle a pagar as taxas correspondentes á información. O pago realízase o mesmo día e apórtase o xustificante. O día 02/08/2021 o interesado volveu a rexistrar escrito instando á resposta pero nunca recibiu contestación.

TERCEIRO. No Rexistro Web municipal figura a seguinte lenda no apartado *SOLICITUDE DE INFORMACIÓN URBANÍSTICA COMÚN*: “(...) *A consulta será contestada nun prazo máximo de dous meses unha vez presentada no Rexistro a solicitude*”. Consonte a elo, o prazo finalizaba o día 10/08/2021.

CUARTO. Según consta no Informe municipal, o día 08/11/2021 (case cinco meses despois da solicitude) o concello procedeu a devolverlle ao interesado a taxa íntegra, toda vez que a compra non foi posible polo retraso na información solicitada e dado que o señor [REDACTED] tiña presentado queixa diante da Valedora do Pobo.

QUINTO. Debemos lembrar que os documentos dos que constan os expedientes urbanísticos (informes, fichas, licenzas..) teñen o *carácter de información pública* a efectos da lexislación en materia de transparencia e de urbanismo.

SEXTO. No *artigo 5 do RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro; polo que se aproba o texto refundido da Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana* enuméranse os “Derechos del ciudadano”, entre eles, a *acceder á información da que dispoñan as Administracións sobre ordenación do territorio, ordenación urbanística e avaliación ambiental*. Tamén a *Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia* recoñece a participación da cidadanía e a información na xestión urbanística

SÉTIMO. Por outra banda, cando unha persoa rexistra un escrito solicitando información pública que está nos arquivos ou expedientes municipais, está exercendo os dereitos recollidos no *artigo 13 d) da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das administracións públicas así como nos artigos 12 e seguintes da Lei 19/2013 de 19 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e Bo Goberno e nos artigos 207 e 231 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo Rd 2568/1986, de 28 de novembro*.

OITAVO. En todo caso, a Administración está obrigada a ofrecer unha resposta crara, áxil, concreta e legal, sin demoras inxustificadas e, desde logo, a dar cumprimento aos prazos que se impón a sí mesma, como é o caso do Rexistro Web do concello de Vigo

CONCLUSIÓN

Dos feitos sucedidos conclúese que a demora na información solicitada polo interesado supuxeron para este un perxuízo alén do incumprimento dos propios prazos marcados pola Administración.

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

Recordámoslle que na contestación á solicitude de información por parte da cidadanía, o concello debe actuar cos principios de eficacia, economía e celeridade, establecidos no artigo 103 da Constitución Española, contestando expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, ás peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na norma específica ou, no seu defecto, no previsto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Admiistracións Públicas.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se consegue.



O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo